

## **Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se acorda someter o expediente de cambio de clase da estrada VG-1.8 Polígono Industrial do Tambre - Ponte Romáño (Deputación) a información pública e ao informe das administracións territoriais afectadas**

### ANTECEDENTES

O proxecto de trazado da variante de Aradas, en Santiago de Compostela, de clave AC/10/020.00, someteuse a información pública o 30 de setembro de 2011, e aprobouse definitivamente o 22 de febreiro de 2013, anunciándose no Diario Oficial de Galicia esa aprobación o 15 de marzo de 2013.

O proxecto de construción da actuación aprobouse o 20 de febreiro de 2014.

En base a ese proxecto de construción licitáronse, o 23 de decembro de 2016, os obras para a execución da estrada, que se iniciaron o 4 de agosto de 2017 e foron recibidas o 20 de marzo de 2019, entrando en servizo o 4 de febreiro de 2019.

Por outra parte, o Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia foi aprobado polo Decreto 100/2021, do 24 de xuño, que foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 129, do 8 de xullo de 2021.

No antedito Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, asignóuselle á variante de Aradas a denominación VG-1.8 Polígono Industrial do Tambre - Ponte Romáño (Deputación) e clasificouse como vía para automóviles, de entre as clases de estradas previstas no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

A Axencia Galega de Infraestruturas elaborou a documentación que xustifica e define a proposta de cambio de clase da estrada VG-1.8 Polígono Industrial do Tambre - Ponte Romáño (Deputación).

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O artigo 10 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio, regula o expediente de cambio de clase das estradas e a súa tramitación, establecendo que os documentos que forman o expediente, unha vez redactados pola administración titular da estrada, someteranse a un trámite de información pública e, simultaneamente, ao informe das administracións territoriais afectadas.

Á vista de todo o que antecede,





RESOLVO:

Tramitar o expediente de cambio de clase da estrada VG-1.8 Polígono Industrial do Tambre - Ponte Romaño (Deputación) segundo o procedemento establecido no artigo 10 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio, o cal supón:

- Sometelo a un trámite de información pública que se levará a cabo durante un prazo de trinta (30) días hábiles. Durante ese prazo, a documentación que forma o expediente estará a disposición da cidadanía na páxina web oficial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e, en días e horas hábiles de oficina, nos locais da Axencia Galega de Infraestruturas en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña (Rúa Vicente Ferrer, 2 ), e na Casa do Concello de Santiago de Compostela (Praza do Obradoiro, 1). As alegacións presentadas neste procedemento deberán versar sobre a xustificación de que a estrada, ou o seu treito, reúne os requisitos necesarios para que sexa modificada a súa clasificación na forma proposta no expediente.
- Sometelo ao informe do Concello de Santiago de Compostela, da Deputación Provincial da Coruña e da Administración Xeral do Estado, como administracións territoriais afectadas polo ámbito da actuación para que, nun prazo de trinta (30) días hábiles, examinen se a clasificación proposta no expediente é a máis adecuada para os seus intereses e informen sobre ese aspecto.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias  
(*documento asinado dixitalmente*)

